Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO CONSELLO SOCIAL DO 18.05.2023

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles, Campus de Vigo
DATA: 18.05.2023
HORA DE COMEZO: 12:15 h.
HORA DE REMATE: 13:15 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)
Blanco Gómez, César
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
López Fernández, Yolanda
Ortiz Álvarez, Ana María

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

TAMÉN ASISTE

Bravo Bosch, María José

O xoves, día 18 de maio de 2023, ás 12:15 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23.02.2023).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a petición de colaboración na Primeira Xornada de Ciencia Aberta, promovida pola Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.
4. Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da UVigo no curso 2023/2024, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización do "II Congreso internacional de innovación docente: la enseñanza del Derecho a debate", na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a organización do congreso "European Systemic Functional Linguistics Conference", na Facultade de Filoloxía e Tradución.
7. Acordo que proceda sobre a petición de axuda solicitada pola Facultade de Comunicación para a celebración do "IV Doctorial da Asociación española de Comunicación (AE-IC)".
8. Acordo que proceda sobre a petición de axuda para conectar a empresas e estudantes no Congreso Atlántico de Marketing dixital "Flúor".
9. Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio para a organización en Vigo do XXXIV Congreso estatal de estudantes de Telecomunicacións.
10. Acordo que proceda sobre a proposta de elaboración dun estudo para o acompañamento a estudantado estranxeiro na UVigo.
11. Acordo que proceda sobre a financiación do estudo sobre inserción laboral das persoas tituladas en estudos oficiais de Grao e Mestrado da UVigo no curso académico 2020/2021.
12. Acordo que proceda sobre a petición de axuda para a organización na UVigo (Campus de Ourense) do Campionato nacional de fútbol-sala do PAS universitario.
13. Rogos e preguntas.

O presidente saúda e agradece a presencia dos asistentes, entre eles María José Bravo, a quen dá a benvida e desexa os maiores acertos como secretaria xeral da UVigo. Substitúe a Miguel A. Michinel, ao que se lle recoñece a dedicación ao Consello Social. Os asistentes reciben a Memoria de actividades correspondente a 2021.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23.02.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa revisa as axudas concedidas ata o momento e unha breve comparativa con respecto a exercicios anteriores. Explica que ao Consello Social chegan máis solicitudes e peticións de axuda das que finalmente aparecen na Orde do Día, e que son desestimadas principalmente por non aterse ás normas, incumprir algún dos criterios requiridos ou desenvolverse fora dos prazos establecidos. Finalmente informa do resultados das Xornadas nacionais de Consellos Sociais organizadas en Vigo. Aclara que o Consello Social contribuíu con 14.300 €, dos 20.000 € autorizados pola Comisión, para afrontar uns gastos totais superiores a 43.000 €.

PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a petición de colaboración na Primeira Xornada de Ciencia Aberta, promovida pola Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.

Manifesta o presidente que a UVigo, a través da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, e a CRUE (Conferencia de reitores das universidades españolas), escolleron Vigo para realizar as Xornadas estatais sobre ciencia aberta e acceso aos resultados da investigación, tendo como finalidade promover o acceso libre e gratuíto aos resultados da investigación científica e aos datos xerados por ela, para fomentar a transparencia, a colaboración e a innovación.

Tamén se deron a coñecer á comunidade universitaria as novas da Lei da Ciencia e da LOSU. As Xornadas inclúen charlas, mesas redondas e obradoiros prácticos. A proposta do presidente:

- ***Apróbase unha aportación de 4.000 €.***

PUNTO 4

Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da UVigo no curso 2023/2024, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

Comenta o presidente que durante os últimos anos, o Consello Social produciu e distribuíu carpetas-guía como material de guía, orientación e benvida aos máis de tres milleiros de alumnos que cada curso comezan os estudos na UVigo. Xa no curso 2019/2020 estableceuse un acordo coa Vicerreitoría de Comunicación para compartir a iniciativa, que no curso 2020/2021 se modificou incorporando unha axenda no interior da carpeta e ampliando a distribución aos estudantes, durante os actos de benvida en cada Campus. A resultas da experiencia recollida, dende a Vicerreitoría de Comunicación proponse que para o vindeiro curso 2023/2024 se elabore e entregue unha axenda con contidos similares á do curso actual, con mapas dos Campus, información institucional, localizacións e contactos de servizos universitarios e toda a oferta de Grao e Posgrao. O Consello Social manterá a súa presenza e a súa imaxe. A proposta do presidente:

- ***A Comisión propón unha achega de 12.500 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización do "II Congreso internacional de innovación docente: la enseñanza del Derecho a debate", na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Co obxectivo central de que estudantado e profesorado poidan coñecer e debater sobre os diferentes métodos para a ensinanza do Dereito en distintas rexións do mundo, reuniranse acreditados relatores de universidades nacionais e internacionais na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Os expertos compartirán experiencia co estudantado sobre prácticas pre-profesionais, sistemas de avaliación, perspectivas profesionais do posgrao e outros coñecementos que lles axuden a intervir na súa formación. Tense en conta a asignación para a primeira edición.

- ***Apróbase unha axuda de 1.000 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a organización do congreso "European Systemic Functional Linguistics Conference", na Facultade de Filoloxía e Tradución.

Promove o congreso un grupo de investigación vencellado á Facultade de Filoloxía e Tradución, e está dirixido, dunha parte, a persoal investigador do ámbito da lingüística para ofrecer unha visión das metodoloxías e apostas teóricas máis innovadoras na comunidade científica no eido da lingüística sistémica funcional. Doutra banda, atendendo ao interese social, abrirase ao alumnado de Grao, Máster e Doutoramento da Facultade e ao público en xeral. A liña a desenvolver é un dos retos máis relevantes de investigación sobre a linguaxe e as linguas.

- ***Concédese unha axuda de 2.500 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a petición de axuda solicitada pola Facultade de Comunicación para a celebración do "IV Doctorial da Asociación española de Comunicación (AE-IC)".

Organizada pola Facultade de Comunicación, ten como obxectivo a formación do estudantado de Doutoramento e o seu desenvolvemento profesional futuro, ao poñelos en contacto con investigadores de prestixio internacional. Así mesmo ofrece o Doutoramento como saída profesional ao estudantado de Grao, amosa as iniciativas para a mellora profesional do estudantado do centro e visibiliza o potencial investigador das Facultades de Comunicación de Iberoamérica. Os paneis centrais tratarán sobre "Aportacións feministas á investigación en Comunicación" e "Métodos dixitais: posibilidades e limitacións".

- ***Asígnase unha axuda de 3.200 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a petición de axuda para conectar a empresas e estudantes no Congreso Atlántico de Marketing dixital "Flúor".

Afondar na creatividade como unha das fortalezas da Comunidade e en estreita conexión co Campus Crea e para a visibilidade ao Campus de Pontevedra, o congreso focalízase como unha plataforma que identifica, e da visibilidade ao talento dixital máis importante de España. O formato baséase en conferencias, obradoiros e mesas temáticas sobre temas específicos. O Consello Social patrocina unha actividade específica para que dez empresas entrevisten en formato exprés a alumnado seleccionado en diferentes sectores relacionados coa súa aprendizaxe.

- ***Apróbase unha aportación de 1.600 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio para a organización en Vigo do XXXIV Congreso estatal de estudantes de Telecomunicacións.

Vigo acollerá a XXXIV edición cunha asistencia prevista de 60 estudantes. Durante unha semana tratarán temas do seu interese, manterán reunións coas direccións das escolas e organizarán unha feira de telecomunicacións para que se acheguen as empresas e poidan interactuar co estudantado a través das casetas. O evento está orientado a estudantes e aberto a quen teña interese no mundo das telecomunicacións. Na súa explicación, o presidente engade que propón que se aplique o criterio xeral para as iniciativas organizadas e promovidas polo alumnado, para evitar agravios.

- ***Asígnase unha aportación de 2.000 €.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a proposta de elaboración dun estudo para o acompañamento a estudantado estranxeiro na UVigo.

Nun tempo no que a captación de alumnado é fundamental, trátase de definir como pode mellorar a universidade os protocolos de acollida aos estudantes estranxeiros durante a súa estancia. Para alcanzar ese obxectivo proponse este traballo para definir o perfil dos estudantes, identificar as motivacións da súa elección, coñecer os medios que empregou na súa decisión, dispor das razóns nas que fundamentou a elección do estudo e saber dos seus resultados e compromiso coa formación continua, e tamén respecto da súa percepción sobre a acollida e os servizos da UVigo, ou sobre os aspectos a mellorar ou que botou de menos. Ernesto Pedrosa salienta a importancia desta temática nos tempos actuais de captación de alumnos. María Teresa Cendón pide que se teña unha especial consideración ao estudantado ucraíno, que asumen os asistentes.

- ***Proponse unha aportación de 8.595,35 € para realizar o estudo.***

PUNTO 11

Acordo que proceda sobre a financiación do estudo sobre inserción laboral das persoas tituladas en estudos oficiais de Grao e Mestrado da UVigo no curso académico 2020/2021.

A Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade solicita ao Consello Social a financiación do estudo sobre os titulados en grao e mestrado, por consideralo de especial interese e para cumprir os requirimentos para a participación da UVigo, a través da Unidade de Análises e Programas, nas clasificacións universitarias nacionais e internacionais, e posibilitar a mellora dos posicionamentos da UVigo. A maiores facilitará información actualizada para os informes anuais de Calidade dos centros, para o Portal de Transparencia e para as unidades administrativas e académicas da universidade. O traballo encoméndase ao Observatorio de Persoas Tituladas, e o presidente detalla as circunstancias e as prevencións administrativas coas que se leva a cabo esta acción.

- ***Apróbase unha asignación de 9.490 €.***

PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a petición de axuda para a organización na UVigo (Campus de Ourense) do Campionato nacional de fútbol-sala do PAS universitario.

O Campus de Ourense acolle o XXXIX campionato nacional, coordinado pola Área de Benestar, Saúde e Deporte. A competición chega ao trinta aniversario e da acubillo a participantes de dez universidades, sen posibilidade de ampliación polo momento por razóns operativas. A UVigo participa dende 1996. A última presenza en Galicia foi en Santiago de Compostela, en 2015, edición na que colaborou o Consello Social. Os compoñentes serán elixidos conforme ao Regulamento de participación en competicións deportivas interuniversitarias. O presidente propón que o importe da axuda que se aprobe se homologue á cantidade aportada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria da UVigo.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

PUNTO 13

Rogos e preguntas.

Reflexiona o secretario sobre novas competencias que asumen os Consellos Sociais coa entrada en vigor da LOSU, concretamente á que se refire a "*Velar polo cumprimento dos principios éticos e de integridade académica, así como das directrices anti-fraude, que deben guiar a función docente e a investigación, en colaboración cos organismos e plans dos que, para estes efectos, dispoñan as universidades".* Subliña a complexa e delicada responsabilidade que se traslada aos Consellos Sociais, e a indefinición que polo momento afecta a esta obriga en tanto non sexa desenvolvida a aplicación da LOSU polas administracións autonómicas. Nesta liña celebra o nomeamento da nova secretaria xeral, pola gran capacidade de resposta que a súa chegada reportará ao Consello Social neste eido

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 18 de maio, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente, O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva Ignacio Rodríguez Iglesias